



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA VINTE E NOVE DE MAIO DE 2018
EXPEDIENTE: 2018/G010/000003

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela
Alberto Seoane Brandariz
Gustavo Manuel Quindimil Gómez
Francisca Bestilleiro Roel
Marcos Zapata Díaz
José María Caamaño Nogueira
Luís Constante Freire Pérez de Juan

Fátima Insua López
Roberto Gómez Lesta
María Ángeles Vilas Pedreira
Francisco Javier Rodríguez Souto

Francisco Javier Niño Ricoy

Escusan a súa ausencia:

Secretario

Adrián J. Márquez Caramés

Interventora

Gema Vázquez López

En Abegondo, ás trece horas e trinta minutos do día vinte e nove de maio de dous mil dezaioito e previamente convocados, reúnen en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente José Antonio Santiso Miramontes, e asistido do secretario Adrián J. Márquez Caramés, os concelleiros na marxe expresados co obxecto de celebrar sesión ordinaria. Logo de comprobar que asisten o número suficiente para a válida constitución, o Sr. Alcalde-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é a seguinte:

PARTE I: ADOCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE MC 7/2018 MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

Dáse conta dunha proposición presentada pola Alcaldía que dí:

ASUNTO: EXPTE MC 7/2018. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO

EXPEDIENTE: 2018/X999/000127 E 2018/G006/000038

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Providencia de Alcaldía de data 21 de maio de 2018 para o inicio do expediente de modificación de créditos por transferencia por importe de 12.000 euros entre distintas áreas de gasto.

SEGUNDO. Memoria de Alcaldía de data 21 de maio de 2018, xustificativa da modificación a realizar, indicando as partidas que deben ser minoradas e incrementadas.

TERCEIRO. Certificado de existencia de crédito da interventora municipal de data 21 de maio de 2018.

CUARTO. Informe de intervención de data 21 de maio no que se pon de manifesto: que se cumpren as limitacións establecidas na normativa de facendas locais para as transferencias de crédito, así como o órgano competente para a aprobación do expte.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réximen Local.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto Refundido dá Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.
- Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2016.

Acta sesión ordinaria do Pleno 29 de maio de 2018

1/16



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento)



C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

-Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira (LOEPSF)

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. A normativa reguladora das facendas locais permite efectuar modificacións no orzamento inicialmente aprobado, sempre e cando se cumpra cos requisitos que esixe a citada normativa.

Entre as modificacións previstas figura a transferencia de créditos, entendida como aquela modificación do orzamento de gastos, que sen alteirar a contía total do mesmo, permite imputar o importe total ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica (art 40 do RD 500/1990)

SEGUNDA. Os artigos 180 do TRLRFL e 41 do RD 500/1990 establecen os límites obxectivos para a realización das transferencias de crédito:

- Non afectarán aos créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- Non poderán minorarse mediante transferencias, créditos que teñan sido incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados.
- Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, teñan sido obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal.

TERCEIRA. Da regulación contida nos artigos 179.2 do TRLRFL e 41.3 do RD 500/1990 e a Base 11 das de execución do orzamento municipal, dedúcese que a aprobación das transferencias de crédito entre aplicacións que afecten a distintas áreas de gasto será competencia do Pleno da Corporación, salvo cando as altas e baixas afecten a créditos de persoal.

CUARTA. O procedemento de tramitación, será o establecido na Base 11.3: as transferencias deberán ser aprobadas polo Pleno da corporación, sendo de aplicación os mesmos requisitos que os esixidos para a aprobación do orzamento:

-aprobación inicial polo Pleno da Corporación

-exposición pública por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP, durante o cal os interesados poderán presentar reclamacións, que deberán ser resoltas polo Pleno no prazo dun mes.

-no caso de non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, o expte considérase definitivamente aprobado, debendo publicar anuncio definitivo no BOP cun resumo por capítulos do estado de gastos do Orzamento 2018 coa modificación proposta.

QUINTA. Na Memoria de Alcaldía que consta no expediente xustifícase esta modificación pola necesidade de incrementar o crédito na aplicación orzamentaria 160/61900 para poder executar o proxecto denominado "Pozo de bombeo nº 2, impulsión y colectores en Orto e Crendes" por importe total de 206.300 euros, coa finalidade de dotar de servizo de sumidoiros aos núcleos de Orto, Orto de Arriba, Agrolondo e Tras da Igrexa, para beneficio dos seus veciños, e que está financiado en parte cunha subvención nominativa da Deputación Provincial por importe de 165.000 euros, sendo o importe restante (41.300 euros) de aportación municipal, dos que 29.300 euros están dispoñibles a nivel de vinculación xurídica.

SEXTA. O informe de intervención de data 21 de maio, sinala que se cumpren os requisitos legais e materiais para a realización da transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, procedendo a tramitación do expte MC 7/2018 de transferencia de crédito por importe de 12.000 euros, coa finalidade e detalle previstos na Memoria que acompaña a este expte.

Unha vez realizada a tramitación legalmente establecida e conforme establecen os artigos 169 e seguintes do TRLRFL e 18 do RD 500/1990, correspóndelle ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expte MC

Acta sesión ordinaria do Pleno 29 de maio de 2018

2/16



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento)



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

7/2018 de transferencia de créditos.

Esta Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 7/2018 de transferencia de crédito, que responde ó seguinte esquema:

Partidas cuyo crédito se **MINORA**

Aplicación	Consignación previa expte	Minoración	Consignación resultante
342/63203	18.500	12.000	6.500
TOTAL		12.000	

Partidas cuyo crédito se **INCREMENTA**:

Aplicación	Consignación previa expte	Incremento	Consignación resultante
160/61900-SAN	29.300	12.000	41.300
TOTAL		12.000	

Coas modificacións propostas, o resume por capítulos do estado de gastos do Orzamento de 2018 quedaría como segue:

CAPÍTULOS	CD antes expte	Tranferencias +/-	CD resultante
1.- Remuneracións de persoal	1.411.728,98		1.411.728,98
2.- Compra bens correntes e serv.	2.028.115,39		2.028.115,39
3.- Intereses	4.200		4.200
4.- Transferencias correntes	572.511,20		572.511,20
6.- Inversións reais	1.756.701,57		1.756.701,57
7.- Transferencias de capital			
8.- Variación activos financeiros			
9.- Variación pasivos financeiros			
TOTAL	5.751.549,88	0	5.751.549,88

SEGUNDO.- Ordenar a publicación no taboleiro de anuncios da Corporación, así como no BOP de A Coruña, do acordo de aprobación inicial, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do TRLRFL, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.

TERCEIRO.- Entender definitivamente aprobada a presente modificación, sen necesidade de novo acordo plenario, se durante o período de exposición pública non se presentan reclamacións, entrando en vigor unha vez sexa publicado no BOP o resumen por capítulos do estado de gastos do Orzamento de 2018 coas modificacións propost





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Logo da explicación do alcalde, e nn habendo debate, procedese á votación da proposta presentada co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan)

Votos en contra: 0

Abstención: 5 Francisco Javier Niño Ricoy, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2018

Dáse conta dunha proposición presentada pola Alcaldía que dí:

ASUNTO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2018

EXPEDIENTE: 2018/G006/000040

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Cónstalle a esta Alcaldía a existencia de facturas presentadas por diversos acredores municipais que se indican no documento anexo a este expediente e que se atopan pendentes de recoñecemento:

- Relación de facturas F/2018/17 Recoñecemento extrajudicial de créditos 2/2018, que contén un total de 72 facturas facturas por un importe total de 11.101,64 euros.

SEGUNDO. É vontade deste grupo de goberno efectuar todos os pagos pendentes aos acredores municipais, máis aínda nos tempos de crise que corren, evitando tamén os posibles prexuízos que puidesen derivarse da falla de pago en prazo das facturas presentadas polos acredores municipais, problemática que se agrava coa lexislación emitida recentemente, como pode ser a Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

TERCEIRO. Enténdese, polo tanto, acreditado no expediente a conveniencia de proceder inmediatamente ao recoñecemento extrajudicial das facturas obxecto deste expediente, para evitar os prexuízos que puidesen derivarse da demora no pago aos provedores.

CUARTO. Á vista do anterior, mediante providencia do 21 de maio 2018, ordenouse á intervención municipal que se efectuase a tramitación oportuna para a aprobación dos gastos derivados das facturas anteriores. Unha vez efectuada a tramitación oportuna, a Intervención municipal emitiu Informe con data do 21/05/2018.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Acta sesión ordinaria do Pleno 29 de maio de 2018

4/16



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento)



C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- O Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas locais, en materia de orzamentos
- Bases de Execución do Orzamento do Concello de Abegondo
- O Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público
- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público
- Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación
- A Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Tendo en conta a regulación contida nos artigos 163 e 176 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, segundo os cal “[...] *Corresponderalle ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, [...]*”

Considerando que a imputación ao exercicio corrente dos gastos aos que se refire este expediente, en principio non prexudica a atención das necesidades do exercicio corrente, e tendo en conta a efectiva prestación dos servizos por parte dos emisores das facturas nos termos do establecido na Base 19 das de execución do vixente orzamento municipal, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos correspondentes ás facturas indicadas máis arriba por importe de 11.101,64 euros.

SEGUNDO. Dar traslado do presente acordo á Alcaldía para os efectos de que se proceda á ordenación de pagos nos termos do artigo 61 do Real Decreto 500/1990.

Non habendo debate, procedese á votación da proposta presentada co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan)

Votos en contra: 0

Abstencións: 5 (Francisco Javier Niño Ricoy, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

4. CORRECCIÓN DE ERROS NA APROBACIÓN DO IVTM.

Dáse conta dunha proposición presentada pola Alcaldía que dí:**ASUNTO:** MODIFICACIÓN DA ORDENANZA

Acta sesión ordinaria do Pleno 29 de maio de 2018

5/16



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento)



C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA POR ERRO NO ARTIGO 3.2
EXPEDIENTE: 2018/G006/000041

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Concello aprobou inicialmente a MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA no pleno do 15/03/2018. A aprobación definitiva desta ordenanza foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 94 do 21 de maio de 2018.

SEGUNDO. A Deputación Provincial da Coruña advertiu un erro no texto da ordenanza, concretamente no artigo 3.2 da dita ordenanza.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Procede corrixir o erro advertido na redacción do texto da ordenanza.

SEGUNDO. Os Concellos, de conformidade co artigo 59 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, esixirán os seguintes Impostos:

- Imposto sobre Bens Inmóbles.
- Imposto sobre Actividades Económicas.
- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

[Os impostos de natureza obrigatoria NON necesitan a aprobación dunha Ordenanza para ser esixidos, salvo que o municipio queira facer uso das facultades que ten conferidas, en canto a fixación de tipos, bonificacións, etc., nese caso, deberá aprobar a correspondente Ordenanza fiscal]

Así mesmo, os concellos poderán establecer e esixir o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e o Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, de acordo con esta Lei, as disposicións que a desenvolvan e as respectivas ordenanzas fiscais. [No caso destes impostos potestativos, o municipio necesita aprobar unha Ordenanza para poder esixilos. É dicir, ata que a Corporación non manifeste a vontade de aplicarlos a través do correspondente Acordo plenario e mediante a pertinente Ordenanza fiscal, estes non poderán ser esixidos].

[O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un Tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría].

O Acordo de aprobación do expediente é competencia do Pleno, en virtude do artigo 22.2.d) e e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e a validez do Acordo require o voto favorable da maioría simple dos membros presentes, como se establece no artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. [Téñase en conta que tras a reforma introducida pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, suprímese o voto favorable da maioría absoluta dos membros que legalmente compoñan o Pleno da Entidade para a aprobación das Ordenanzas fiscais, pasándose a esixir, como sinala a Exposición de Motivos da Lei, o mesmo que o requirido para a aprobación dos Orzamentos].

Acta sesión ordinaria do Pleno 29 de maio de 2018

6/16



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento)



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

O procedemento para a ordenación do Imposto sobre [bens inmobles/actividades económicas/vehículos de tracción mecánica/construcións, instalacións e obras/incremento de valor de terreos de natureza urbana], é o seguinte:

A. Redactado pola Alcaldía o proxecto de Ordenanza fiscal correspondente solicitarase informe de Intervención, de conformidade co artigo 4.1.h) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sobre a adecuación da mesma á lexislación aplicable. Así mesmo, solicitarase a elaboración dun informe-proposta por esta Secretaría que se elevará á Comisión de Facenda para o seu Ditame, como requisitos previos e necesarios da aprobación provisional polo Pleno.

B. Aprobada mediante Acordo provisional a ordenación xeral do Imposto, exporase o expediente a información pública no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas; igualmente, publicarase o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

C. Finalizado o prazo de información pública adoptárase o Acordo definitivo que proceda, resolvendo as alegacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza. No caso de que non se presentaron alegacións, o Acordo provisional entenderase definitivo, sen necesidade de acordo expreso.

D. O Acordo definitivo e o texto íntegro da Ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se levou a cabo dita publicación. Así mesmo, devandito Acordo de aprobación definitiva notificarase a aqueles interesados que presentasen alegacións.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao mesmo a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Corrixir o erro e aprobar inicialmente a modificación do artigo 3.2 da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE TRACCIÓN MECÁNICA.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.





C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A C O R U Ñ A)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADOR DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCION MECÁNICA

Artigo 1.- Fundamento e réxime

De conformidade co establecido no art. 59.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo de imposición obrigatoria que se esixirá de acordo con dita Lei e as disposicións que a desenvolven.

Ao abeiro do disposto no art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Abegondo procede a aprobar a presente Ordenanza Fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos que a Lei remite á súa determinación por parte da Corporación.

Artigo 2.- Cota tributaria

O imposto esixírase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do TRLRFL, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida lei, nos seguintes coeficientes:

Potencia e clase	Coeficiente	Cota final	
A) Turismos:	De menos de 8 cabalos fiscais	1,1	13,88
	De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	1,1	37,49
	De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	1,1	79,13
	De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	1,2	107,53
	De 20 cabalos fiscais en diante	1,3	145,60
B) Autobuses:	De menos de 21 prazas	1,1	91,63
	De 21 a 50 prazas	1,2	142,37
	De máis de 50 prazas	1,3	192,79
C) Camións	De menos de 1.000 Kg de carga útil	1,1	46,51
	De 1.000 a 2.999 Kg de carga útil	1,1	91,63
	De 2.999 a 9.999 Kg de carga útil	1,2	142,37
	De máis de 9.999 Kg de carga útil	1,2	177,96
D) Tractores	De menos de 16 cabalos fiscais	1,1	19,44
	De 16 a 25 cabalos fiscais	1,1	30,55
	De máis de 25 cabalos fiscais	1,2	108,29
E) Remolques e sere-molques arrastrados por vehículos de tracción mecánica	De menos de 1.000 e máis de 750 Kg de carga útil	1,1	19,44
	De 1.000 a 2.999 Kg de carga útil	1,1	30,55
	De máis de 2.999 Kg de carga útil	1,3	108,29

Acta sesión ordinaria do Pleno 29 de maio de 2018

8/16



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento)



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

F) Outros vehículos	Ciclomotores ou motocicletas de ata 125 c.c.	1,1	4,86
	Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	1,1	8,33
	Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	1,2	18,18
	Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.	1,3	39,38
	Motocicletas de máis 1.000 c.c.	1,3	78,75

Artigo 3.- Exencións

3.1.- Estarán exentos do imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Asimesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sé ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos que así se derive do desposto en tratados ou convenios internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro.

Asimesmo, estarán exentos vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios delas por máis dun vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto neste parágrafo, considéranse persoas con discapacidade quen teña está condición legal en grao igual ou superior ó 33%, conforme ao disposto na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbán, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove plazas, incluída a do conductor.

g) Os tractores, remolques e semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola

3.2.- Para poder aplicar as exencións a que se refiren os parágrafos e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio, e achegar a seguinte documentación:





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

- Certificado de discapacidade emitido polo órgano competente, no que conste o grao ou clase.
- Fotocopia do permiso de condución do discapacitado
- Fotocopia do permiso de circulación a nome do discapacitado
- Fotocopia da póliza do seguro na que figure o discapacitado como conductor habitual
- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da ficha técnica do vehículo

Vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade:

- Certificado de discapacidade emitido polo órgano competente, no que conste o grao ou clase.
- Fotocopia do DNI da persoa con discapacidade e do conductor habitual do vehículo
- Fotocopia do permiso de circulación a nome do discapacitado
- Fotocopia da póliza de seguro do vehículo na que figure o seu conductor habitual.
- Fotocopia da ficha técnica do vehículo

No caso de presentación de fotocopias, exhibirase o orixinal.

As exencións que se concedan en calquera dos dous supostos anteriores, non serán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

En caso de presentar a solicitude de exención con posterioridade ó devengo do imposto, a concesión da exención terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Tractores, remolques e semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola:

- Fotocopia de permiso de circulación, que debe figurar a nome da mesma persoa que conste na cartilla de inspección agrícola.
- Na cartilla de inspección agrícola e no permiso de circulación constará como domicilio o concello de Abegondo.

Artigo 4.- Bonificacións

4.1.- Os suxeitos pasivos que teñan ao seu nome o vehículo, poderán solicitar unha bonificación do 100% na cota do imposto, cando o vehículo esta catalogado de histórico ou teña unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data de fabricación. Si esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

A bonificación establecida no apartado anterior será de natureza reglada a terá carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo ante o Concello acompañando a documentación acreditativa que en todo caso será como mínimo a seguinte:

- Fotocopia da ficha técnica do vehículo.
- Fotocopia de permiso de circulación.

Acta sesión ordinaria do Pleno 29 de maio de 2018

10/16



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento)



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- Fotocopia do permiso de conducir
- Certificado de fabricación, primeira matriculación ou data en que se deixou de fabricar

A concesión da presente bonificación terá efectos a partir do exercicio seguinte a aquel no que se solicite.

4.2.- Os vehículos das clases turismos, camiões, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses e autocares, gozarán nos termos seguintes, dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que se cumpra algún dos seguintes requisitos:

a) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, axeitados á súa clase e modelo que minimicen as emisións contaminantes. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 25% na cota do imposto durante seis anos naturais desde a súa primeira matriculación, incluído o ano desta.

b) Que se trate de vehículos novos clasificados como turismos de motor gasolina ou diesel cuxas emisións de CO₂ non superen os 120 gr/Km. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 25% na cota do imposto durante catro anos desde a súa primeira matriculación, incluído o ano desta.

c) Que se trate de vehículos de motor eléctrico e/ou de emisións nulas (neste suposto estarán incluídos as motocicletas e ciclomotores). Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 50% da cota con carácter indefinido, en tanto manteñan as circunstancias de motor e emisións sinaladas.

d) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidrógeno e GLP ou mixtos-GLP-gasolina en motores de ciclo OTTO, tanto implantados de fábrica como posteriormente, sempre certificando a súa implantación por organismos ou empresas homologadas para devandito fin. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 25% na cota en tanto utilicen os combustibles citados.

Para poder gozar das anteditas bonificacións, os interesados deberán instar a súa concesión presentando a seguinte documentación:

- Fotocopia do permiso de conducción
- Fotocopia do permiso de circulación
- Fotocopia da ficha técnica do vehículo
- Documentación acreditativa dos requisitos dos motores e tipo de combustible.

As bonificacións regladas no presente apartado non son aplicables simultaneamente. A concesión da presente bonificación terá efectos a partir do exercicio seguinte a aquel no que se solicite

Disposición derradeira

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o 15/03/2018, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Non habendo debate, procedese á votación da proposta presentada co seguinte resultado:

<p>Votos a favor: 13 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan, Francisco Javier Niño Ricoy, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)</p> <p>Votos en contra: 0</p>
--





C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A C O R U Ñ A)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

5. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “ POS + 2018 (EXPEDIENTE 2018/G003/000230)

Dáse conta dunha proposición presentada pola Alcaldía informada favorablemente pola comisión informativa de urbanismo e que se pretende ratificar, que dí:

ASUNTO: Tramitación de Decretos

EXPEDIENTE: 2018/G003/000230

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “ POS + 2018”

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

CONSIDERACIÓNS

Visto que pola Deputación provincial comunícase que en dous dos proxectos presentados por este Concello para o POS + 2018, contiñan erros, estes deben ser corrixidos.

Logo de ver canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable polo que procede a súa aprobación polo alcalde, de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. **RESOLVO:**

PRIMEIRO.

Aprobar os seguintes proxecto incluídos no POS + 2018:

Proxecto	importe
Proxecto de actuacións de saneamento en A Rúa e abastecemento en A Fraga, O Asadiño e Beade, executadas con persoal municipal	30.411,53.-
Construción dunha senda para a mellora da seguridade vial na estrada AC-542 entre o lugar de Beldoña (P.K. 5 + 790) e O Monte (P.K. 6 + 710) no termino municipal de	49,931,02.-

Acta sesión ordinaria do Pleno 29 de maio de 2018

12/16



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento)



C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A C O R U Ñ A)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Abegondo (A Coruña)

SEGUNDO. No proxecto de actuacións de saneamento en A Rúa e abastecemento en A Fraga, O Asadiño e Beade, executadas con persoal municipal, corríxise a diferenza dun céntimo do orzamento total polo programa utilizada que redondeo mal o total.

No proxecto de construción dunha senda para a mellora da seguridade vial na estrada AC-542 entre o lugar de Beldoña (P.K. 5 + 790) e O Monte (P.K. 6 + 710) no termino municipal de Abegondo (A Coruña) modifícase o proxecto por erros de copia e pega, pero sin afectar o orzamento total.

TERCEIRO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Non habendo debate, procedese á votación da proposta presentada co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan)

Votos en contra: 0

Abstencións: 5 Francisco Javier Niño Ricoy, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

6.- PROPOSTA DE URXENCIA: CORRECCIÓN DE ERROS, SE PROCEDE,

Por parte a interventora dáse conta dun erro na transcrición do acordo do ICIO, que se engadiu unha versión anterior que contiña un tipo erróneo, toda vez que o acordo que se levou ao pleno versaba sobre as modificacións subliñadas en negra. Logo desta explicación do asunto, vótase a urxencia, que é aprobada la seguinte maior dos membros presentes:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan)

Votos en contra: 0

Abstencións: 5 Francisco Javier Niño Ricoy, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Dáse conta dunha proposición presentada pola Alcaldía que dí:

ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERROS NA PUBLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIONES E OBRAS

EXPEDIENTE: 2018/X999/000141 e 2018/G006/000043

Acta sesión ordinaria do Pleno 29 de maio de 2018

13/16



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento)



C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Concello aprobou a MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIONES E OBRAS. A aprobación definitiva desta ordenanza, logo de estar exposta ao público no prazo establecido pola lei e non recibir alegacións, foi publicada no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 94 do 21 de maio de 2018.

SEGUNDO. Foi advertido un erro na publicación do texto da ordenanza, concretamente no artigo VII da dita ordenanza, no relativo ao tipo de gravame, debido á transcripción do texto completo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. O Concello de Abegondo aprobou na sesión plenaria do día 15/05/2013 a modificación do artigo VII da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras, cuxo texto modificado foi publicado definitivamente no BOP núm. 171 do 09/09/2013 e que di literalmente:

“Artigo VII:

- A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
- O tipo de gravame queda fixado no **2,4 por cento.**”

SEGUNDO. Na modificación posterior da ordenanza, o Pleno acordou expresamente “aprobar inicialmente a modificación do artigo V da Ordenanza fiscal reguladora do ICIO”, polo que a modificación aprobada non lle afecta ao mencionado artigo VII, e de aí que o tipo de gravame correcto é o 2,4 por cento. Toda vez que se publicou o texto íntegro para non levar a engano.

TERCEIRO. De acordo co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, “as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao mesmo a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Corrixir o erro e publicar de novo a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIONES E OBRAS coa corrección sinalada.

SEGUNDO. Facultar o alcalde alcalde-presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Non habendo debate, procedese á votación da proposta presentada co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan, Francisco Javier Niño Ricoy, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Votos en contra: 0





C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A C O R U Ñ A)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

7. ROGOS E PREGUNTAS

Francisco Javier Niño Ricoy: que a elaboración do PXOM que se habilite como achegar a documentación a todos os veciños e que pasos se están dando na elaboración do PXOM: que este sexa participativo para entender os problemas a posterior, tamén transparencia.cocetama

Alcalde: a primeira fase é o voo aéreo e vai ser transparente de todo.

Francisco Javier Niño Ricoy: a participación non é mirar "que hai do meu", senón que a teñen que facer os técnicos, para que saia adiante e para que a xente entenda por que é dunha forma ou doutra. Esta participación e previa dunha información.

Alcalde: Hai unha lei do solo, hai unhas normas e con base nesas normas vaise aprobar o plan. Este equipo redactor vai ter a liberdade absoluta para redactar o plan.

Francisco Javier Niño Ricoy: nesas normas subsidiarias vaise facer o parque ecoagrario?

Alcalde: iso prohibíronnolo, igual que o centro de saúde. Co centro imos facer o centro de saúde, só coa nosa finca.

Francisco Javier Niño Ricoy: dende o Concello deberíase promover a horta ecolóxica, hortofructículos, microcréditos. O Concello non pode ser só residencial. Debería promoverse como levar adiante a promoción do emprego vinculado á agricultura ecolóxica.

Alcalde: fun a lñás ver un programa Emprende, de agricultura ecolóxica. Aquí temos un programa pioneiro, que vimos a varias persoas novas en que están plantando sementes e verduras, para levar ás escolas. En Vilacoba A.F está empezando a facer o tema da horta.

E non se fixo o parque non só polo plan, pero os veciños de Montouto cando se ía poñer... que queres que che diga? Eu estou por cambiar a ubicación porque "se subiron á parra" e vai haber que ir á expropiar e punto.

Con respecto ás iniciativas de promotores individuais, ata 25.000 euros unicamente co aval de reserva, calquera promotor recibe un axuda deste tipo.

Temos moitos agricultores facendo agricultura ecolóxica e queremos crear un banco de terras. No proxecto Biosfera Emprende os que máis había era da Coruña, logo Oleiros e despois Abegondo.

Eu procedo dunha explotación agraria e gandeira de subsistencia e coa Reserva da Biosfera débense facer iniciativas rendibles.

Francisco Javier Niño Ricoy: esas iniciativas hai que estendelas. Nos orzamentos, para promoción agraria, destínanse cero euros.

Alcalde: Vou mandar os agrónomos por todas as parroquias a ver que resultados temos.

Francisco Javier Niño Ricoy: a protección de eucaliptos a 25 metros. No Diario Oficial de Galicia (DOG) do 7 de maio establécense distancias a biomasa.

Secretario: Transparencia

Alcalde: pedíronnos se queriamos ser concello sen risco de incendios e a norma pona a Xunta de Galicia.

Temos un ENIL cos principais regatos dos concellos.

Francisco Javier Niño Ricoy: que se informe aos veciños de toda esta normativa.

Francisco Javier Niño Ricoy: Como está a tema da Presidencia do Consorcio?

Alcalde: A auditoría, estando o alcalde de Oleiros presente, fíxolles aos alcaldes unha serie de apreciacións. A auditoría entendeu que os de Oleiros non era tal e trasladouse ao resto. Eu trasladei se tiñan algún inconveniente, se lles valía a auditoría, por tres veces, incluíndo a representante de Oleiros. Logo de preguntar tres veces, mirando para a representante de Oleiros, e dixo non fai falla, que corrixan as deficiencias.

Se o alcalde de Oleiros desautoriza a súa representante é un problema del. Eu non dubido do auditor, pero aínda así preguntei e dixeron que non.





C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A C O R U Ñ A)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Alcalde: dá a casualidade que o Concello de Oleiros tivo interventor uns días pero calculo que quería cobrar o soldo do interventor.

Fátima: como se nomean o secretario e interventor?

Alcalde: pregúntase a todos os dos concellos do Consorcio e só quixo o interventor de Cambre e o secretario de Abegondo.

Entendía que coa adscrición á Presidencia era de Oleiros, pero a lei non o di en ningunha parte, pero aquí as decisións tómanse democraticamente, as razóns podon intuírse pero non as vou dicir por respecto democrático e persoal.

Fátima: vaise montar unha plataforma de alcaldes e concellos polos cambios do trazado do Camiño Inglés.

Alcalde: estamos nunha asociación do camiño inglés ,é a único que coñezo. O presidente ía mirar o trazado pero non teño noticias.

Fátima: o plan de prevención de incendios só fala de multas, que obrigas hai para o Concello?

Secretario: cortas, franxas de protección e logo a Lei do solo.

Alcalde: por iso é importante a Lei do solo.

Fátima: pregunta por unha factura de compra de cinta americana no pavillón.

Alcalde: a cinta americana é para colocar a goma que cubre o chan do pavillón cando se realizan eventos.

Fátima: pregunta polo proceso selectivo do arquitecto técnico.

Alcalde: presentouse un recurso de reposición contra o nomeamento do arquitecto técnico e á vista das alegacións acordouse retrotraer as actuacións administrativas ao momento de conformación do tribunal, polo que se repiten as probas do proceso selectivo.

Noraboa ao adestrador do equipo feminino do Crendes que gañou a Liga.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde Presidente dá por finalizado o acto ás catorce horas e vinte e nove minutos do día do encabezamento, levantándose a presente acta, do que como secretario dou fe.

O Alcalde Presidente

O secretario

José Antonio Santiso Miramontes

Adrián J. Márquez Caramés

